

## ANEXO IV

**Establecementos termais, indicacións terapéuticas, quendas e prezos**

Destinos	Indicacións terapéuticas	Datas e quendas	Prezo da praza
Balneario de Acuña (Caldas de Reis)	Respiratorias e reumatolóxicas	Do día 20 ao día 29 de xuño.	356,68 €
		Do día 12 ao día 21 de setembro.	
Caldaria Termal, S.L.U. Arnoia (Arnoia)	Reumatolóxicas	Do día 15 ao día 24 de xuño.	376,46 €
		Do día 10 ao día 19 de xullo.	
Hotel balneario Augas Santas, S.L.U. (Ferreira de Pantón)	Dermatolóxicas, respiratorias, reumatolóxicas, circulatorias e con efectos relaxantes	Do día 28 de maio ao día 6 de xuño.	376,46 €
Os Baños da Brea, S.L. (Vila de Cruces)	Respiratorias e reumatolóxicas	Do día 28 de xuño ao 7 de xullo.	356,68 €
		Do día 10 ao día 19 de xullo.	
Balneario de Molgas, S.L. (Baños de Molgas)	Dermatolóxicas, dixestivas, respiratorias, reumatolóxicas, renais e sistema nervioso	Do día 14 ao día 23 de xullo.	299,81 €
		Do día 28 de xullo ao día 6 de agosto.	
		Do día 21 ao día 30 de agosto.	
Balneario de Caldelas, S.L. (Tui)	Dermatolóxicas, respiratorias e reumatolóxicas	Do día 25 de setembro ao 4 de outubro.	299,81 €
Gran Balneario do Carballiño (O Carballiño) (con aloxamento na Residencia de Tempo Libre)	Dermatolóxicas, dixestivas, respiratorias e reumatolóxicas	Do día 19 ao día 28 de setembro.	299,81 €
Baños Vellos de Carballo, S.A. (Carballo)	Respiratorias e reumatolóxicas	Do día 17 ao día 26 de xullo.	356,68 €
		Do día 29 de xullo ao día 7 de agosto.	
		Do día 23 de agosto ao día 1 de setembro.	
		Do día 4 ao día 13 de setembro.	
		Do día 16 ao día 25 de setembro.	
		Do día 11 ao día 20 de outubro.	



Destinos	Indicacións terapéuticas	Datas e quendas	Prezo da praza
Termas de Cuntis, S.L. (Cuntis) (con aloxamento no Hotel Castro do Balneario)	Dermatolóxicas, respiratorias e reumatolóxicas	Do día 2 ao día 11 de maio.	376,46 €
		Do día 26 de xuño ao día 5 de xullo.	
		Do día 18 ao día 27 de xullo.	
		Do día 11 ao día 20 de setembro.	
Caldaria Termal, S.L.U. Laias (Cenlle)	Reumatolóxicas	Do día 20 ao día 29 de xuño.	376,46 €
Caldaria Termal, S.L.U. Lobios (Lobios) (con aloxamento no Hotel Lusitano)	Reumatolóxicas	Do día 26 de xullo ao día 4 de agosto.	356,68 €
Balneario do Río Pambre, S.L. (Palas de Rei)	Dermatolóxicas, respiratorias e reumatolóxicas	Do día 17 ao día 26 de xuño.	356,68 €
		Do día 19 ao día 28 de outubro.	
Balneario Termas de Lugo, S.L. (Lugo)	Respiratorias e reumatolóxicas	Do día 29 abril ao día 8 de maio.	376,46 €
		Do día 11 ao día 20 de maio.	
		Do día 20 ao día 29 de xuño.	
		Do día 3 ao día 12 de xullo.	
		Do día 13 ao día 22 de xullo.	
Balneario de Guitiriz (Lugo)	Dermatolóxicas, respiratorias e reumatolóxicas	Do día 18 ao día 27 de xuño.	376,46 €
		Do día 27 de agosto ao 5 de setembro.	

## ANEXO V

### Baremo

Para a súa aplicación non se teñen en conta os datos relativos ao/á fillo/a con discapacidade.

1. Idade: máximo 10 puntos.

Con menos de 65 anos: 2 puntos.



Entre 65 e 74 anos: 4 puntos.

Entre 75 e 84 anos: 6 puntos.

Con 85 ou máis anos: 10 puntos.

Nesta variable computarase a idade da persoa solicitante e, se é o caso, a do/da cónxuxe (matrimonio ou parella) ou acompañante. Para o cálculo terase en conta a puntuación media.

2. Situación económica: ingresos mensuais líquidos: máximo 40 puntos.

Con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 400,00 euros: 40 puntos.

Con ingresos mensuais comprendidos entre 400,01 e 600,00 euros: 30 puntos.

Con ingresos mensuais comprendidos entre 600,01 e 785,00 euros: 20 puntos.

Con ingresos mensuais comprendidos entre 785,01 e 900,00 euros: 10 puntos.

Con ingresos mensuais superiores a 900,00 euros: 0 puntos.

Nesta variable valoraranse os ingresos líquidos da persoa solicitante e, se é o caso, os do/da cónxuxe (matrimonio ou parella) ou acompañante. Para o cálculo terase en conta a puntuación media.

Para calcular os ingresos medios mensuais computaranse todos os ingresos percibidos por cada unha das persoas solicitantes ao longo do ano polos diferentes conceptos e dividido por 12 meses.

En caso de empate daráselle prioridade ás persoas que teñan menores ingresos, seguidas das de maior idade.

